# LINGUA GALEGA 1

Le atentamente este texto sobre a comunicación e fai as actividades. Lembra que podes facer as actividades no teu caderno e que non precisas copiar todo.

Na actividade 2 podes numerar as imaxes. O neno co xesto da V sería o número 1, ao seu carón a nena o 2, ao seu carón o 3 e o policía o 4. Así no teu caderno escribes o número 1 e a palabra correspondente.

**LEMBRA**

As persoas necesitamos comunicarnos. A **comunicación** é o proceso a través do cal lles facemos saber aos demais o que pensamos, sentimos, queremos…

Podemos comunicarnos de moitos xeitos (con xestos, con imaxes, con sons), pero a forma de comunicación máis habitual entre as persoas é a **linguaxe**.

**1** **Relaciona. Como te comunicas en cada caso?**

| | |
|---|---|
| Falas co avó por teléfono. | Cun son. |
| Abrazas a mamá porque a queres. | Cunha imaxe. |
| Debuxas unha frecha para sinalar a saída. | Coa linguaxe. |
| Tocas o timbre para que che abran. | Cun xesto. |

**2** **Anota cada mensaxe debaixo da persoa que fai o xesto correspondente.**

| Adeus! | Parade! | Gañei! | Non cho sei! |
|---|---|---|---|



__________ __________ __________ __________

**3** **Explica que indican os debuxos das portas.**



______________________________

______________________________

**LEMBRA**

O son K pódese representar con **c** ou con **qu**.

- Escríbese **c** diante de **a**, **o**, **u**.
- Escríbese **qu** diante de **e**, **i**.




**1** **Escribe os nomes substituíndo cada símbolo pola grafía correspondente.**

♣ > C
♠ > QU

    

Henri♠e Mari♣a Xoa♠ín Ni♣olao Inma♣ulada

______ ______ ______ ______ ______

**2** **Clasifica as palabras segundo a grafía con que cómpre completalas.**

     

*oala es*imó es*udo *abaza ra*eta *imono

Con **c** ______ ______ ______

______ ______ ______ Con **qu**

**3** **Copia estas oracións substituíndo os debuxos por palabras con *c* ou con *qu*.**

- O  preparou  .

______________________________

- Raquel tomou unha  de  .

______________________________

# COMPROBA o que fixeches:

**LEMBRA**

As persoas necesitamos comunicarnos. A **comunicación** é o proceso a través do cal lles facemos saber aos demais o que pensamos, sentimos, queremos…

Podemos comunicarnos de moitos xeitos (con xestos, con imaxes, con sons), pero a forma de comunicación máis habitual entre as persoas é a **linguaxe**.

**1** **Relaciona. Como te comunicas en cada caso?**

- Falas co avó por teléfono.
- Abrazas a mamá porque a queres.
- Debuxas unha frecha para sinalar a saída.
- Tocas o timbre para que che abran.

- Cun son.
- Cunha imaxe.
- Coa linguaxe.
- Cun xesto.

**2** **Anota cada mensaxe debaixo da persoa que fai o xesto correspondente.**

Adeus! Parade! Gañei! Non cho sei!



Gañei! Adeus! Non cho sei! Parade!

**3** **Explica que indican os debuxos das portas.**



O baño de nenas.
O baño de nenos.

**LEMBRA**

O son K pódese representar con **c** ou con **qu**.

- Escríbese **c** diante de **a**, **o**, **u**.
- Escríbese **qu** diante de **e**, **i**.



**1** **Escribe os nomes substituíndo cada símbolo pola grafía correspondente.**

♣ > C
♠ > QU



Henri♠e Mari♣a Xoa♠ín Ni♣olao Inma♣ulada

Henrique Marica Xoaquín Nicolao Inmaculada

**2** **Clasifica as palabras segundo a grafía con que cómpre completalas.**



*oala es*imó es*udo *abaza ra*eta *imono

Con **c**: Coala escudo cabaza

Con **qu**: raqueta quimono esquimo

**3** **Copia estas oracións substituíndo os debuxos por palabras con *c* ou con *qu*.**

- O  preparou  .

O cociñeiro preparou macarróns

- Raquel tomou unha  de  .

Raquel tomou unha cunca de chocolate

# LINGUA GALEGA 2

Copia o seguinte ENLACE:

https://www.youtube.com/watch?v=dEZ8zeaGtu8

e escoita a canción e fai a seguinte actividade:

Se non podes escoitala, intenta ordear as seguintes oracións para que teñan sentido

**3** Numera as catro oracións da canción e cópiaas en orde.

| | |
|---|---|
| ☐ ten un lagarto pintado; | ☐ A saia da Carolina |
| ☐ o lagarto dálle ao rabo. | ☐ cando a Carolina baila, |

Debuxa no teu caderno a Carolina cunha saia que teña un lagarto pintado.

Dille a mamá ou a papá que lle faga unha foto e  envíanola. Anímate!!!!

Sigue as pistas e saberás de que teñen medo os insectos.

| | |
|---|---|
| A primeira letra está en **iso** pero non en **oso**. | i |
| A segunda letra está ao principio de **nariz**. | |
| A terceira letra está ao final de **tres**. | |
| A cuarta letra é a segunda de **pera** e de **cera** | |
| A quinta letra está repetida en **cuco**. | |
| A sexta letra está ao principio de **terra**. | |
| A sétima letra está ao final de **taxi**. | |
| A oitava letra é igual ca a quinta. | |
| A novena letra está no medio de **mil**. | |
| A décima letra está en **dor** pero non en **por**. | |
| A última letra tena a **bruxa** pero non o **bruxo**. | |



**1** Pinta de amarelo as etiquetas con substantivos masculinos e de verde as que teñan substantivos femininos.












| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| coche | ponte | mel | tartaruga | papaventos |

**2** Escribe en plural fixándote nos modelos.

- galo ▶ galos 
- limón ▶ ______
- rei ▶ ______
- sofá ▶ ______
- hindú ▶ ______

- sol ▶ soles 
- señor ▶ ______
- arroz ▶ ______
- túnel ▶ ______
- luz ▶ ______

**3** Observa e completa con substantivos do debuxo.



- un ______
- uns ______
- unha ______
- unhas ______

# Comproba o que fixeches:

3 Numera as catro oracións da canción e cópiaas en orde.

| | |
|---|---|
| 2 ten un lagarto pintado; | 1 A saia da Carolina |
| 4 o lagarto dálle ao rabo. | 3 cando a Carolina baila, |

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado;
cando a Carolina baila,
o lagarto dálle ao rabo.

3 Numera as catro oracións da canción e cópiaas en orde.

| | |
|---|---|
| 2 ten un lagarto pintado; | 1 A saia da Carolina |
| 4 o lagarto dálle ao rabo. | 3 cando a Carolina baila, |

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado;
cando a Carolina baila,
o lagarto dálle ao rabo.

1 Pinta de amarelo as etiquetas con substantivos masculinos e de verde as que teñan substantivos femininos.


coche


ponte



mel


tartaruga


papaventos

2 Escribe en plural fixándote nos modelos.




- galo ▶ galos
- limón ▶ limóns
- rei ▶ reis
- sofá ▶ sofás
- hindú ▶ hindús
- sol ▶ soles
- señor ▶ señores
- arroz ▶ arroces
- túnel ▶ túneles
- luz ▶ luces

3 Observa e completa con substantivos do debuxo.



- un can
- uns paxaros
- unha mestra
- unhas flores

# LINGUA GALEGA 3

Seguimos repasando a ortografía e o vocabulario:

**1** Arrodea as palabras con c e con z e completa a regra.

**ENTRADA AO MUSEO «O PAPAGAIO AZUL»**

Prezo: 11 € (once euros)
Horario: De nove da mañá a cinco da tarde.
Organízanse visitas guiadas.



- Diante de **a**, **o**, **u** escríbese ___ : organí___anse, pre___o, a___ul.
- Diante de **e**, **i** escríbese ___ : on___e, ___inco.

**2** Copia as oracións substituíndo os debuxos por palabras.

- Onte vin no monte un  e un  .

___

- Merquei un quilo de  e cinco  .

___

**3** Completa cada oración con c e con z, segundo conveña.

- ___ibrán almor___a leite, ___ereais e un ___ume.
- O pra___o de inscri___ión remata o de___aseis.

**4** Escribe c ou z, segundo corresponda.

- go___o
- ___apato
- pin___el
- cari___ia
- for___udo
- re___eita
- bei___o
- fun___ión

# Estas son as solución das adiviñas:

**1** Arrodea as palabras con c e con z e completa a regra.

ENTRADA AO MUSEO «O PAPAGAIO AZUL»

Prezo: 11 € (once euros)
Horario: De nove da mañá á cinco da tarde.
Organízanse visitas guiadas.



- Diante de **a**, **o**, **u** escríbese z: organízanse, prezo, azul.
- Diante de **e**, **i** escríbese c: once, cinco.

**2** Copia as oracións substituíndo os debuxos por palabras.

- Onte vin no monte un  e un .

Onte vin no monte un cervo e un ourizo.

- Merquei un quilo de  e cinco .

Merquei un quilo de mazás e cinco cenorias.

**3** Completa cada oración con c e con z, segundo conveña.

- Cibrán almorza leite, cereais e un zume.
- O prazo de inscrición remata o dezaseis.

**4** Escribe c ou z, segundo corresponda.

- gozo
- forzudo
- zapato
- receita
- pincel
- beizo
- caricia
- función

E.Santillana

# LINGUA GALEGA 4

**1** Relaciona cada elemento co seu nome.



calzada | beirarrúa | paso de peóns | carril bici | rotonda

**2** Completa a descrición deste edificio coas palabras propostas.

balcón    ventá    soportais    galería



O concello da miña vila ten
uns ______ cuns arcos
de pedra magníficos. Tamén ten
un ______ de ferro cunha
gran ______ a cada lado.
E no último piso hai unha
______ cunhas vidreiras de cores.
É un edificio moi bonito.

**3** Copia estes elementos ordenados de menor a maior.

avenida    calella    rúa    ______

furgoneta    coche    autobús    ______

E. Santillana

ATENCIÓN!!! A **CALELLA** é unha rúa moi estreita.

COMPROBA como o fixeches:

**1** Relaciona cada elemento co seu nome.



calzada | beirarrúa | paso de peóns | carril bici | rotonda

**2** Completa a descrición deste edificio coas palabras propostas.

balcón | ventá | soportais | galería



O concello da miña vila ten
uns soportais uns arcos
de pedra magníficos. Tamén ten
un balcón de ferro cunha
gran ventá a cada lado.
E no último piso hai unha
galeria cunhas vidreiras de cores.
É un edificio moi bonito.

**3** Copia estes elementos ordenados de menor a maior.

avenida calella rúa — calella, rúa, avenida

furgoneta coche autobús — coche, furgoneta, autobús